

RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DE CELEIRO POLA QUE SE PUBLICA Ó LISTADO DEFINITIVO DE EMBARCACIÓNS INCLUÍDAS NA LISTA DE ACCESO A COTAS DE PERCEBE DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE O CEDEIRA

Procedemento: Elaboración de listas para o incremento de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de percebe da Confraría de Cedeira

Entidades: Confraría de Pescadores de Cedeira

Modalidade: PERCEBE

Data inicio convocatoria: 05-07-2022

Data fin convocatoria: 27-07-2022

Número de cotas: 2

ANTECEDENTES:

1. A Orde do 22 de decembro de 2021, pola que se aproban os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2022-2024 , aproba o plan de xestión para o recurso específico de percebe (*Pollicipes pollicipes*), na modalidade de a flote, da Confraría de Pescadores de Cedeira e establece a participación de trinta e catro (34) embarcacións e sesenta e cinco (65) tripulantes con dereito a cota.
2. Como resultado do proceso de renovación da modalidade de percebe no permiso de explotación para embarcación realizado no 2021, quedan vacantes dúas (2) cotas de captura.
3. O 2 de xullo de 2022, a Confraría de Pescadores do Cedeira solicita a apertura do prazo de presentación de solicitudes para a elaboración da lista para incremento de dúas (2) cotas de captura nas embarcacións integrantes do plan de xestión.
4. O 13 de setembro de 2022, a Xefatura Territorial de Celeiro emite a lista provisional de admitidos ao proceso, deixando 15 días hábiles para realizar as alegacións que se consideren. Nese periodo non se recibiu ningunha alegación.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. *A Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, modificada polo Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas, determina nos seus artigos 39-46, o procedemento para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión.*

2. *Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.*

De acordo con todo o anterior RESOLVO,



Publicar o listado de embarcacións aceptadas para o aumento do número de cotas de percebe, que son as seguintes:

CFPO	EMBARCACIÓN	LISTA, MATRÍCULA E FOLIO	Embarcación cunha soa cota de captura C.1	Experiencia profesional da persoa armadora C.2	Habitualida de da actividade pesqueira C.3	PUNTOS TOTAIS
58121	CANOURA	3º FE-4 2-02	5,00	4,00	3,00	12,00
51043	O GUERRERO	3º VI-3 1922	5,00	4,00	2,00	11,00

Outorgase unha cota de percebe a cada unha das embarcacións listadas.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada no prazo dun mes no prazo de un mes a contar dende o día seguinte á notificación da presente resolución, ante a persoa titular da Consellería do Mar, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).

Mediante este documento notifícaselle esta resolución segundo o esixido no artigo 40.1 da Lei 39/2015.

Documento asinado dixitalmente á marxe.





CVE: ICAGW4dRqD0
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>